

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027873	IES Afonso X O Sabio	Cambre	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Tecnoloxías da Información e da Comunicación I	1º Bac.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	11
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

## 1. Introducción

As TIC aportan a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais. Na resolución de problemas coas TIC conxúganse diferentes aspectos tales como a innovación, o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento das novas tecnoloxías proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

A través das TIC intégranse coñecementos de carácter matemático e científico, sendo frecuente o emprego das TIC para resolver problemas específicos doutras disciplinas. Esta materia prepara ao alumnado para desenvolverse non só na súa alfabetización dixital centrada no manexo dunha serie de ferramentas en continua evolución senón que tamén o dotará dos coñecementos, destrezas e aptitudes que faciliten o aprendizaxe permanente ao longo da súa vida, de xeito que poida adaptarse con versatilidade ás demandas que xurdan no campo das TIC.

Por todo isto, a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coas formas que a participación cidadá está a adoptar no contexto das TIC que afectan por igual os ámbitos social e do desenvolvemento persoal.

No noso centro para este curso 2023-2024 contamos cun único grupo de TIC en 1º de Bacharelato. Salientar que no primeiro curso de bacharelato é habitual atopar alumnos con distintos coñecementos, xa que hai alumnado que o pasado curso cursou a materia TIC en 4º de ESO fronte a outros que non a escolleron. Así mesmo o feito de ser unha materia eminentemente práctica, fai que na aula haxa unha grande variedade de alumnos de diferente perfís e velocidades se ben o feito de que o centro pertenza ao proxecto Edixgal fai que a meirande parte do alumnado tivese contacto coa informática nalgún momento da súa vida escolar.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Entender o papel principal das tecnoloxías da información e da comunicación na sociedade actual e o seu impacto nos ámbitos social, económico e cultural para deseñar e planificar solucións a un problema ou necesidade de forma eficaz e innovadora.	1-2-3	3	1-2	1-2	31-40	1	1-2-3	
OBX2 - Seleccionar, usar e combinar múltiples aplicacións informáticas para crear producións dixitais que cumpran uns obxectivos complexos, incluíndo a recollida, a análise, a avaliación e a presentación de datos e información, así como o cumprimento duns requisitos de usuario.	1-3		4	2-3-5				
OBX3 - Desenvolver e depurar aplicacións informáticas, analizando e aplicando os principios da programación para crear solucións a problemas concretos de maneira creativa.			1-2-4	2-3	31-40		1-2-3	
OBX4 - Crear proxectos audiovisuais de maneira creativa utilizando os recursos técnicos necesarios e aplicando os principios da linguaxe audiovisual.	2-3	2-3		2-5	11	1	1-2-3	31-32

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Usar os sistemas informáticos e de comunicacións de forma segura, responsable e respectuosa, protexendo a identidade online e a privacidade, recoñecendo contido, contactos ou condutas incorrectas e sabendo como informar ao respecto.	1-2-3		2-5	3-5	11-12	1-3		

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Seguridade dixital: o cidadán dixital	Coñecemento de técnicas de seguridade dixital e características do cidadán dixital.	15	20	X		
2	Deseño creativo de proxectos	Elaboración de deseños de proxectos e a súa documentación dixital aplicando estratexias de busca efectiva en Internet.	15	20	X		
3	Tratamento de información e procesamento de datos	Empregaranse aplicacións de ofimática en liña ou non para tratar a información e procesar os datos e colaborar en rede.	25	35	X	X	
4	Tratamento de imaxes dixitais	Retoque fotográfico e montaxes de imaxes fixas.	10	15		X	
5	Tratamento audiovisual	Coñecemento das características básicas dunha produción audiovisual: encadramento, ángulo de cámara...	15	20		X	X
6	Iniciándose na programación	Análise de problemas a través de algoritmos e a súa representación e iniciación ás linguaxes de programación	20	30			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Seguridade dixital: o cidadán dixital	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.2 - Desenvolver prácticas saudables e seguras no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, valorando o benestar físico e mental, tanto persoal coma colectivo.	Coñecer as prácticas saudables e seguras no uso das tecnoloxías da información e da comunicación.	PE	40
CA5.4 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas leis de propiedade intelectual recoñecendo e respectando as licenzas e dereitos de autoría.	Coñecer e respectar as licenzas e dereitos de autoría no uso de recursos dixitais.		
CA5.1 - Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na Rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións.	Identificar ameazas na Rede e aplicar unha solución efectiva.	TI	60
CA5.3 - Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet configurando as condicións de privacidade das redes sociais e dos espazos virtuais de traballo.	Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet configurando as condicións de privacidade das redes sociais.		
CA5.5 - Facer un uso ético dos datos e das ferramentas dixitais aplicando as normas de etiqueta dixital e respectando a privacidade na comunicación, colaboración e participación activa na rede.	Coñecer e aplicar as normas de etiqueta dixital.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A seguridade da información: principios de integridade, dispoñibilidade, confidencialidade e autenticación.</li> <li>- Estratexias saudables e seguras no uso de dispositivos e na interacción na rede.</li> <li>- Identificación de software malicioso.</li> <li>- Condutas de seguridade activa e pasiva na protección dos equipos informáticos fronte a ataques externos.</li> <li>- Propiedade intelectual: respecto e aplicación de licencias de software e dereitos de autoría.</li> <li>- Pegada dixital e protección de datos persoais na rede.</li> <li>- Etiqueta dixital.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Deseño creativo de proxectos	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas para o desenvolvemento dun proxecto dixital, buscando e contrastando información de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade.	Definir problemas para o desenvolvemento dun proxecto dixital e buscar contrastando a información de forma crítica e segura.	TI	100
CA1.2 - Diseñar e desenvolver proxectos dixitais que resolvan un problema ou que cubran unha necesidade real.	Diseñar proxectos dixitais que resolvan un problema.		
CA1.3 - Documentar un proxecto dixital empregando as ferramentas axeitadas.	Documentar un proxecto coas ferramentas dixitais.		
CA1.4 - Comunicar de maneira eficaz e organizada un proxecto dixital, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Comunicar de maneira eficaz e organizada un proxecto dixital, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.		
CA1.5 - Abordar a xestión do proxecto de forma creativa, fomentando o traballo en equipo e aplicando estratexias e técnicas colaborativas axeitadas, así como métodos de investigación para a súa ideación máis eficaz, accesible e innovadora posible.	Traballar en equipo con técnicas colaborativas axeitadas na xestión dun proxecto creativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Deseño creativo de proxectos.</li> <li>- Estratexias de procura crítica de información.</li> <li>- Estratexias, técnicas e marcos de desenvolvemento dun proxecto en diferentes contextos e as súas fases.</li> <li>- Documentación de proxectos.</li> <li>- Comunicación de información e de contidos dixitais en diferentes plataformas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Tratamento de información e procesamento de datos	35

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web, para crear, editar e expoñer documentos de texto e presentacións dixitais.	Manexar con soltura procesadores de texto e software de presentacións.	PE	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Elixir e utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web para realizar o tratamento de datos mediante a creación e xestión de follas de cálculo e bases de datos.	Manexar con soltura follas de cálculo e coñecer os elementos básicos para o manexo dun software de base de datos.	TI	60
CA2.3 - Interactuar en espazos virtuais de comunicación e plataformas de aprendizaxe colaborativa, compartindo e publicando información e datos, adaptándose a diferentes audiencias cunha actitude participativa e respectuosa.	Emprego dos espazos virtuais e plataformas colaborativas de aprendizaxe con actitude participativa e respectuosa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Creación e edición de documentos de texto e de presentacións dixitais aplicados á documentación de proxectos dixitais: maquetación, formatado, modelos e integración de multimedia.</li> <li>- Tratamento de datos con folla de cálculo: formato de datos, uso de fórmulas e funcións, filtrado da información e creación de gráficos.</li> <li>- Tratamento de datos a través de bases de datos: almacenaxe, consulta e presentación da información.</li> <li>- Colaboración en Rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Tratamento de imaxes dixitais	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Realizar o tratamento dixital de imaxes fixas empregando técnicas de xeración, procesamento e retoque.	Manexar con soltura un software de retoque fotográfico.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Edición dixital da imaxe fixa: retoques e montaxes fotográficas.</li> <li>- Resolución da imaxe e almacenamento.</li> <li>- Encadramento e ángulo de cámara. Tipos de plano: uso e funcionalidade.</li> <li>- Aplicación dos conceptos de plano, toma, exposición, enfoque, punto de vista e ángulo de encadre. Escenas e secuencias.</li> <li>- Raccord e ritmo na edición.</li> <li>- Proceso de posproducción: selección de tomas, aplicación dos conceptos de ritmo e continuidade narrativa.</li> <li>- Recursos técnicos da montaxe e a edición: corte, fundido e encadeado.</li> <li>- Banda sonora da produción audiovisual: diálogos, efectos de son e música.</li> </ul>

Contidos
- Formatos de arquivo empregados no tratamento dixital de imaxe, audio e vídeo na produción multimedia.

UD	Título da UD	Duración
5	Tratamento audiovisual	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Analizar e utilizar os recursos expresivos propios das producións audiovisuais, como os encadramentos, ángulos e movementos de cámara, e efectos sonoros mantendo a continuidade narrativa.	Coñecer os recursos propios das producións audiovisuais.	PE	25
CA4.3 - Gravar pezas audiovisuais aplicando técnicas de captación de imaxes fotográficas, de vídeo e son mediante os recursos e medios técnicos da linguaxe audiovisual.	Gravar unha peza audiovisual sinxela cos recursos e medios técnicos da linguaxe audiovisual.	TI	75
CA4.4 - Editar pezas audiovisuais aplicando técnicas de creación de secuencias dinámicas de gráficos e imaxes fixas, e de montaxe audiovisual, integrando e axustando a súa banda sonora e tendo en conta os recursos expresivos da linguaxe audiovisual.	Editar diferentes pezas audiovisuais e montar unha peza audiovisual aplicando os recursos expresivos da linguaxe audiovisual.		
CA4.5 - Exportar un proxecto audiovisual a un ficheiro co formato necesario para a súa posterior reprodución e difusión a través da rede.	Gardar o proxecto audiovisual no formato axeitado e poder difundilo, se é preciso, pola rede.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Edición dixital da imaxe fixa: retoques e montaxes fotográficas.</li> <li>- Resolución da imaxe e almacenamento.</li> <li>- Encadramento e ángulo de cámara. Tipos de plano: uso e funcionalidade.</li> <li>- Aplicación dos conceptos de plano, toma, exposición, enfoque, punto de vista e ángulo de encadre. Escenas e secuencias.</li> <li>- Raccord e ritmo na edición.</li> <li>- Proceso de posprodución: selección de tomas, aplicación dos conceptos de ritmo e continuidade narrativa.</li> <li>- Recursos técnicos da montaxe e a edición: corte, fundido e encadeado.</li> <li>- Banda sonora da produción audiovisual: diálogos, efectos de son e música.</li> <li>- Formatos de arquivo empregados no tratamento dixital de imaxe, audio e vídeo na produción multimedia.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
6	Iniciándose na programación	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar e analizar problemas desenvolvendo algoritmos que os resolvan.	Desenvolver algoritmos que resolvan un problema sinxelo.	TI	100
CA3.2 - Desenvolver e programar aplicacións para ordenadores e/ou dispositivos móbiles, dando solución a problemas definidos.	Crear programas sinxelos a través dalgunha linguaxe de programación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Diagramas de fluxo: elementos e símbolos e o seu significado.</li> <li>- Utilización de estruturas de programación: secuenciais, de selección e iterativas.</li> <li>- Utilización de operadores.</li> <li>- Uso de datos. Tipos de datos primitivos e compostos.</li> <li>- Utilización de funcións. Parámetros, código e retorno.</li> <li>- Utilización de librerías.</li> <li>- Desenvolvemento e programación de aplicacións para ordenadores e/ou dispositivos móbiles.</li> <li>- Execución, proba, depuración e documentación de programas.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Aínda que hai que destacar a importancia dos contidos teóricos (como base onde apoiar a parte práctica), é esta unha materia eminentemente práctica, polo que a metodoloxía empregada irá orientada nesa dirección.

En cada unidade didáctica que así o precise, procederase cunha fase inicial na que o profesor exporá os contidos a tratar e os procedementos a seguir, para ser logo o alumno quen comezará o seu traballo ben individualmente, ben en pequenos grupos (segundo a dispoñibilidade de equipos informáticos na aula) realizando as actividades/prácticas propias de cada unidade (traballos de elaboración de documentos, follas de cálculo, bases de datos, presentacións, tratamento dixital de imaxes, programación, seguridade...) . Nalgunhas destas unidades levarase a cabo algunha proba escrita que permita afianzar os contidos traballados.

Na realización dos traballos prácticos farase fincapé no respecto polas licenzas e dereitos de autor e tratarase ao longo de todo o curso que o alumno manteña unha actitude de seguridade, tanto da súa persona como da información e dos equipos cos que traballa.

Tratarase de presentar a parte práctica das actividades en contextos de aprendizaxe reais, que orienten ao alumnado sobre a utilidade do que están a facer, sen reducirse á realización de rutinas prefixadas que sexa necesario dominar en función, exclusivamente, dunha posterior avaliación. Porén, recoméndase que tales rutinas se practiquen en momentos previstos para iso, co fin de consolidar as destrezas adquiridas.

O traballo colaborativo tamén terá o seu momento durante o curso favorecendo o aprendizaxe significativo e fomentando a participación activa, grupal e o reparto equitativo de tarefas.

Na elaboración do seu traballo os alumnos habitualmente deberán buscar e contrastar a información, apoiándose na

súa lectura e comprensión da mesma. Ademais, cando as características da unidade didáctica o permitiren, tratarase de propoñer a lectura de diferentes novas, artigos, capítulos de libros... relacionados cos contidos a traballar, co obxectivo de practicar a lectura de forma continuada, contribuíndo así, ao plan lector do centro.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aulas de informática do centro coa súa correspondente equipación
Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática....) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). Priorízase, salvo que non sexa posible o uso de software libre.
Emprego de apuntamentos ou fichas de cada unidade didáctica cos contidos teóricos
Emprego da aula virtual do centro
Contas de correo do centro

Empregarase os equipos informáticos (un para cada alumno e profesor) coa conexión a Internet correspondente, un proxector e unha pantalla pertencente a unha das aulas de informática das que dispón o centro.

Non haberá libro de texto, fornecendo ao alumnado cunha serie de apuntamentos/fichas ao longo do curso de cada unidade didáctica.

Ademais empregárase a Aula virtual do centro como medio de comunicación entre o profesorado e o alumnado, aproveitando tódalas posibilidades que esta ofrece: axenda (coas datas de exames e de entregas de tarefas), ligazóns a contidos, cuestionarios, tarefas... Poderase empregar, si se precisase, as contas de "Google for Education" das que dispón o centro.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nos primeiros días de clase levarase a cabo un test, cuestionario e/ou tarefa práctica para coñecer o nivel do alumnado e que permita detectar alumnado de características diferentes (xa sexan alumnos con dificultades e necesidades especiais ou alumnos con altas capacidades ou alumnos que non traballaron a materia, ao ser optativa, en cursos anteriores).

A partir da información obtida desta avaliación inicial, e xunto coa información recibida de cursos anteriores, se é o caso empregáranse as medidas de atención á diversidade que sexan necesarias en coordinación co equipo de orientación.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>25</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	40	0	40	0	25	0	<b>20</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	60	100	60	100	75	100	<b>80</b>

### **Criterios de cualificación:**

A cualificación final do curso será a media ponderada de todas as unidades didácticas do curso. Para considerar a materia como aprobada deberá obtense unha nota final igual ou superior a 5.

A nota de cada avaliación virá dada pola media ponderada das unidades didácticas impartidas na avaliación. A nota de cada unidade didáctica virá dada pola media ponderada das notas obtidas nas diversas actividades, prácticas e probas escritas ou en liña de cada unidade didáctica. Será necesaria a realización e entrega de todas as actividades propostas, agás as consideradas como optativas, e obter unha nota mínima de 5 puntos para superar cada unidade didáctica. En caso de non superar algunha unidade didáctica a nota máxima na avaliación será de 4.

En canto a ponderación na cualificación dos diferentes tipos de actividades (boletíns, proxectos, prácticas, etc.), o maior peso na cualificación terano as actividades que se realizan na aula (tarefas breves, proxectos, traballos, boletíns de actividades) que suporán un 80% da nota final. As probas escritas/online que se desenvolverán ao longo do curso terán un peso do 20% na avaliación. Porén, como se observa nesta programación, estes pesos non aplican a cada unidade didáctica, podendo variar o peso real dos instrumentos de avaliación segundo a unidade.

NOTA IMPORTANTE: O uso fraudulento durante as probas escritas ou traballos de aula de diferentes técnicas dixitais ou analóxicas, suporá a perda do dereito á corrección de dita proba ou traballo, cualificándose como un 0, ademais das medidas sancionadoras recollidas nas NOF do centro.

### **Criterios de recuperación:**

Durante o curso proporáanse actividades de recuperación (probas escritas e/ou realización de traballos), para aquel alumnado con algunha unidade didáctica non superada.

Aquel alumnado que non supere a materia nas avaliacións parciais terá que realizar un exame final en xuño onde se inclúe toda a materia do curso. Previo acordo co equipo docente, esta proba poderá ser substituída, total ou parcialmente, pola entrega de traballos.

NOTA IMPORTANTE: O uso fraudulento durante as probas escritas ou traballos de aula de diferentes técnicas dixitais ou analóxicas, suporá a perda do dereito á corrección de dita proba ou traballo, cualificándose como un 0, ademais das medidas sancionadoras recollidas nas NOF do centro.

## **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado que teña a materia de cursos anteriores pendente deberá seguir un plan de reforzo, orientado á súa recuperación e mellora.

O plan de reforzo será elaborado baixo as directrices do departamento e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referencia os obxectivos da materia. e a contribución á adquisición de competencias. Así mesmo, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumno destinatario. O departamento velará por que o plan sexa realizado polo alumno.

O plan de reforzo incluirá:

- a) Identificación do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia non superada.
- c) Currículo que se vai desenvolver, especificando os criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se empregarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas a realizar, coa debida temporalidade.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase un seguimento do plan de reforzo e, de ser o caso, realizaranse os axustes oportunos. Na sesión de avaliación final do curso en que estea matriculado o alumno, o profesorado da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos establecidos na normativa reguladora da avaliación da educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente o alumno deberá obter unha avaliación positiva no correspondente plan de reforzo, que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

O alumnado que teña a materia pendente deberá de realizar as seguintes actividades:

- Realización e entrega periódica, de actividades relativas ás unidades didácticas do curso.
- Faranse tres probas obxectivas parciais no ordenador, unha por avaliación en datas por definir. As datas definitivas serán publicadas coa suficiente antelación. Ademais haberá unha proba final.
- Distribúese a materia do curso en tres partes, unha para cada proba parcial.

- Todas as probas serán cualificadas sobre un baremo de dez puntos.
- Para o cálculo da cualificación da materia pendente, terase a seguinte consideración:
- Media aritmética das probas obxectivas parciais realizadas no ordenador 50% da cualificación.
- Actividades realizadas ao longo do curso 50% da cualificación.
- No caso de que o alumno ou alumna non supere a materia deste xeito poderá realizar unha proba obxectiva final no ordenador en data por definir. Esta proba abranguerá os contidos de toda a materia. En tal caso, darase por superada a materia nesta proba cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.
- A recuperación será coordinada pola xefatura de departamento. O profesor/a que lle imparte clase no curso onde estea matriculado, fará un seguimento do traballo do alumno/a. No caso de que non estea a cursar ningunha materia do departamento, será o xefe ou xefa de departamento quen faga o seguimento.

#### 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

Non procede nesta materia.

### 6. Medidas de atención á diversidade

A variedade de alumnos/as con diferentes características e condicionantes pode levar a confeccionar diferentes posibilidades de traballo capaces de atender aos colectivos de diversa índole. Será o profesor, no contexto concreto da súa clase, o que seleccionará que contidos deben ser traballados e cales non.

En tódolos casos a programación será flexible abondo para permitir adaptacións curriculares apropiadas a cada caso ou a cada grupo.

Propoñeranse diferentes actividades de reforzo e de ampliación. Estas actividades, segundo o noso proxecto curricular, poderán ser actividades individuais ou en grupo.

Estas actividades de reforzo ocupará un énfase especial naquel alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital xa que podemos atopar alumnos que tiñan cursado a materia previa na ESO fronte a aqueles que non a cursaran.

Chegado o caso empregaranse as medidas de atención á diversidade que sexan necesarias en coordinación co equipo de orientación: prestarase apoio dentro da aula aos alumnos e alumnas que o requiran e faranse as adaptacións curriculares que se estimen oportunas. Estas últimas serán elaboradas despois dunha avaliación inicial.

Nas diferentes unidades didácticas inclúense contidos para o alumnado que poden ampliar as súas capacidades así como contidos de reforzo para aqueles que teñen dificultades para realizar correctamente o proceso de aprendizaxe. Ademais poderán levarse diferentes metodoloxías con materiais didácticos variados e graduados en función da súa dificultade e o profesor da materia poñerá a disposición do alumnado, se este o solicita, dalgún recreo para reforzar ou ampliar os contidos traballados.

#### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X				X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X				
ET.3 - Comunicación audiovisual				X	X	
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X				X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - Fomento da creatividade e espírito científico	X	X				
ET.7 - Educación emocional e en valores		X		X	X	
ET.8 - Igualdade de xénero		X		X	X	
ET.9 - Creatividade		X				X
ET.10 - Educación para a saúde	X					
ET.11 - Formación estética		X				
ET.12 - Educación para a paz	X	X				
ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable	X	X				X
ET.14 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais		X		X	X	

#### Observacións:

Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e lectura de diferentes artigos alí onde os contidos o permitan e na investigación para resolver unha tarefa.

Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación. Afondarase no emprego do vocabulario e a linguaxe técnica.

Comunicación audiovisual: presentación de proxectos mediante creacións audiovisuais.

Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia.

Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos.

Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos.

Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. Proxectos e tarefas en equipos.

Igualdade de xénero: tratarase o reparto axeitado de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos, evitando nos proxectos os nesgos de xénero, e aplicando criterios de igualdade.

Creatividade: desenvolvemento de proxectos.

Educación para a saúde: contidos relacionados co benestar dixital moi vinculados ao factor psicolóxico na sociedade actual.

Formación estética: procesos de deseño e acabado nos proxectos.

Respecto mutuo e cooperación entre iguais: contidos relacionados coa etiqueta dixital.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas sobre uso responsábel das redes	Participarase naquelas actividades relacionadas con seguridade e uso responsábel das redes sociais promovidas polo centro.		X	

#### Observacións:

A nivel de centro, facilitarase a participación nas actividades especialmente deseñadas polo departamento de orientación.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...
<b>Metodoloxía empregada</b>
As medidas de apoio, reforzo, etc. estiveron claramente vinculadas aos estándares.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
Combinouse o traballo individual e en equipo.
Analizouse e comentouse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.
Adoptáronse as medidas curriculares e organizativas axeitadas para atender ao alumnado con NEAE.
Adecuación, logo da súa aplicación, das ACs propostas e aprobadas.
Elaboráronse actividades atendendo á diversidade.
<b>Clima de traballo na aula</b>
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
<b>Outros</b>
Ofreceuse a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
Prestouse atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
Ofreceuse ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.

### **Descrición:**

Valorarase cada un dos indicadores de logro reflectidos a través dunha escala do 1 ao 4, onde 1 é o valor mínimo e 4 o valor máximo.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación será revisada ao longo de todo o curso nas diferentes reunións do departamento (polo menos unha reunión mensual) sendo posible facer propostas de mellora, en función do proceso de aprendizaxe, co fin de, se é o caso, realizar as modificacións que se consideren necesarias. Así mesmo, ao final de cada trimestre, analizaranse os resultados obtidos polo alumnado na materia o cal permitirá tamén a toma de decisións no referente ao cumprimento da mesma e a súa avaliación.

A revisión, avaliación e modificación da programación serán recollidas na memoria de fin de curso do departamento para poderen ser tomadas en conta de cara a cursos posteriores.

### **9. Outros apartados**